

## **OFICINA TÉCNICA DO PLDA (Adjunto 1)**

- Os **obxectivos xerais da Oficina Técnica do PLDA** son:

**Apoio técnico.** A Oficina Técnica é a encargada de artellar os medios e medidas para que o labor do PLDA se faga seguindo as directrices marcadas polo documento de referencia.

**Coordinación, participación e colaboración,** entre as distintas entidades colaboradoras do PLDA, unificando actuacións.

**Promoción e divulgación,** cara a outros profesionais, ás administracións e institucións implicadas e á poboación en xeral.

- **Áreas de actuación:**

- Área de prevención
- Área de asistencia
- Área de incorporación social

- **Comisións técnicas de traballo:**

Órganos de participación compostos por persoal técnico en representación do Concello de Vigo e das entidades colaboradoras do PLDA, para cada unha das áreas de intervención do PLDA.

- **Comisión de técnica de organización**

As competencias desta comisión son desenvolvidas pola comisión permanente. As súas funcións principais son:

- ◆ Impulsar o desenvolvemento dos obxectivos do área de organización
- ◆ Avaliar os resultados das accións e estratexias
- ◆ Elaborar os novos obxectivos do área de organización

- **Comisión de técnica de prevención**

Integrada por 1 técnico por cada unha das entidades do PLDA que desenvolve accións na área de prevención. As súas funcións principais son:

- ◆ Impulsar o desenvolvemento dos obxectivos do área de prevención
- ◆ Avaliar os resultados das accións e estratexias
- ◆ Elaborar os novos obxectivos do área de prevención

- **Comisión de técnica de asistencia**

Integrada por 1 técnico por cada unha das entidades do PLDA que desenvolve accións na área de asistencia. As súas funcións principais son:

- ◆ Impulsar o desenvolvemento dos obxectivos do área de asistencia
- ◆ Avaliar os resultados das accións e estratexias
- ◆ Elaborar os novos obxectivos do área de asistencia

- **Comisión de técnica de incorporación social**

Integrada por 1 técnico por cada unha das entidades do PLDA que desenvolve accións na área de incorporación social. As súas funcións principais son:

- ◆ Impulsar o desenvolvemento dos obxectivos do área de incorporación
- ◆ Avaliar os resultados das accións e estratexias
- ◆ Elaborar os novos obxectivos do área de incorporación

- **Grupos de traballo**

Cando se considere necesario, pódense organizar grupos de traballo para o abordaxe de temas de carácter transversal ou de outra natureza que aconsellen un tratamento singularizado.

- **Comisión Permanente**

Órgano de xestión ordinaria, integrado polos representantes de cada unha das comisións de traballo de prevención, asistencia e incorporación, o director técnico e a presidencia del PLDA, asistidos polo persoal da oficina técnica. As súas funcións principais son:

- ◆ Impulsar o desenvolvemento xeral dos obxectivos do PLDA
- ◆ Coordinar a actividade das comisións de traballo
- ◆ Xestionar da actividade ordinaria do PLDA
- ◆ Avaliar os resultados das accións e estratexias desenvolvidos
- ◆ Consensuar os novos obxectivos do PLDA